

# ROTEIRO VERDE

**Lonxitude:** 6.5km  
**Duración:** 1h 45'  
**Dificultade:** Fácil

**Estrada**  
**Tren**  
**Rio**  
**Camiño**  
**Rota**  
**Atallo**




## 1. Alto do Cumial (Inicio rota)

Un cruceiro de mediados do XVIII marca o que foi na Idade Media o linde sur do Couto Vello do Bispo, Señor da cidade.

## 3. Camiño do Gato



## 7. Ruínas dun muíño de rúas rodas



Ao pé dun antigo paso para as terras de San Cibrán moitas veces arroiado polas enchentes e volto a reconstruír.

## 8. Muíño



## 9. Presa Grande.



Entre o comunal do Carqueixal e o Camiño do Muíño, á altura dun pequeno regueiro temos a baixada á Presa Grande que durante séculos foi o lugar preferido de baño polos mozos do lugar. Algo máis arriba queda o perigoso Pozo do Inferno.

## 10. Carreira Vella.



Na Idade Media aparece con esta denominación; unía Ourense con Noalla. Máis tarde a Verea Real fixo que quedase como vía secundaria.

## 11. Paseo do Barbaña (Fin de rota)

## 6. Campo de Fútbol e Grupo (referencia).

Este antigo carreiro unía o primitivo Castro Foxo co asentamento do val, ao pé do regato. Até non hai moito, as terras de cultivo ocupaban a práctica totalidade do val, hoxe as carballeiras van gañando do terreo. Dende o outeiro da Santa Ádega hai unha boa vista.

## 4. Capela da Santa Ádega (Fóra de rota)



## 5. Dilueiros ou lodoeiros (Celtis australis)



En Seixalvo foi unha das árbores de meirande importancia, pois coas súas pólas construíronse durante séculos os arcos das cubas, de aí que se procurase que en cada partilla de herdanza figurase polo menos un pé.

**1 Parque da Infesta.** A poucos metros da parada do bus, ábrese un espazo público de recente creación que acolle as celebracións de meirande concurrencia, coma as festas de San Xoán ou a cea de confraternización dos veciños polo San Breixo, patrón da parroquia. Á entrada unha vella prensa restaurada, lémbrenos que o lugar foi terra de viños.

**2 A casa do Coronel Abelardo Arce,** erguida noutrora como símbolo de modernidade, rivaliza coa torre da igrexa e contrasta coas solainas de pedras antigas dalgunhas casas da rúa estreita, ao seu carón.

**3 Praza das Laxas.** Nesta pequena praciña construída sobre penedos, érguese unha das poucas casas con pedra de armas: á esquerda están representadas as armas de Nóvoa e á dereita as de Henríquez. Dende aquí enxérgase a Rúa Maior, lugar de tránsito para as procesións relixiosas. O fondo da costa leva o nome de Ponte do Río, pois había alí unha ponte que cruzaba o regato.

**4 A fachada da igrexa parroquial,** obra do famoso arquitecto ourensán Vázquez Gulías, foi levantada a principios do século XX, tras o derrube da antiga fachada románica. O reloxo, pagado a escote polos veciños, marcou a vida e as tarefas durante o século pasado, converténdose nun elemento de gran importancia para as quendas de regas. No interior do templo pódense rastrexar as pegadas das distintas reconstrucións. Son especial interese o gran arco de ferradura reconstruído e a Ca-

pela de San Roque, de estilo plateresco, de principios do século XVI. Se continuamos o camiño cara a Ourense chegaremos á Picota e á Verea Real, na que aínda queda a fonte medieval coñecida como Fonte Nova.

**5 Casa parroquial.** Nela quedou integrado o hospital de peregrinos, do que queda o arco de entrada. O primitivo acceso á casa era polas vellas escaleiras de pedra e a solaina, fronte a que se atopaba unha pequena horta, tamén do párroco e hoxe lugar público de onde hai unha boa vista. Uns chanzos labrados na peneda, hoxe substituídos, baixaban cara a que foi a única fonte pública do núcleo, agora integrada no pequeno parque infantil.

**6 A Praza de Freire Carril** remodelada recentemente leva o nome do veciño que liderou a loita veciñal contra a Catedral para conseguir a exención do pagamentos dos foros. Foi unha antiga aira ao pé da que se situaba a fonte pública e máis tarde o lavadoiro. A modo de bebedoiro para o gando había un vello sartego desprazado agora de lugar.

**7 Rúa da Tulla.** Os corredores sustentados por grandes calzos de pedra foron frecuentes no lugar. Estes, na casa dos Valencia Cerviño son un bo exemplo, aínda que non sexan dos máis antigos. Ata o século XIX as canellas ou rúas estreitas estaban moitas delas cubertas por casas que pasaban dun lado a outro. Neste recuncho consérvanse aínda dous exemplares de pasadizos.

**8 A Requeixada.** É sen dúbida unha das zonas máis antigas do núcleo. As casas protexían as súas esquinas dos carros con tornarródas, aquí con máis razón dada a angostura das rúas. Quedan restos dunha gran casa con patio e forno, do que aínda se aprecia a parede curva exterior. A pesares dos estragos das novas construcións, estas rúas estreitas conservan o seu encanto.

**9 Rúa de Amendo.** Paga a pena percorrer esta vella rúa, principal saída do lugar cara a Castela. Nela quedan aínda casas con corredores de pedra e cantóns ou pequenas rúas sen saída. Dende o cabo da rúa pódese albisca o outeiro onde se ergue a capela da Santa Ádega, lugar de romaría e con boas vistas.

**10 Canella do Lagar.** Neste fermoso recuncho contrastan as casas fortes dos labregos con pequenas casiñas ocupadas polos xornaleiros.

**11 Praza do Cabildo.** De todos os lugares, quizais sexa este o que máis ecos nos traia da relación coa Catedral. Nela érguese aínda a Tenencia, gran almacén onde se recollía o viño dos foros. Hoxe en día é o emprazamento ao redor do que se articula a Festa dos Foros. Con esta festa rememórase a que celebraron os veciños en 1859 ao rematar co pago dos foros á Catedral despois de vinte anos de preitos.

**12 Rúa das Oliveiras.** Esta rúa conserva algúns dos elementos construtivos que caracterizaban gran parte das casas de Seixalvo até o século XIX: as escaleiras de pedra por fóra e os corredores.

**14 Praza Maior.** Foi noutros tempos a Aira Vella. Nela situábase o "pazo vello", adquirido e partillado na desamortización. Ao pazo deberon pertencer as tres pedras de armas que presiden unha fachada: o mellor traballado, cunha aguiña tenante pertence á casa dos Nóvoa; outro, partido ao medio, ostenta as armas de Puga e Vilamarín; no outro aparecen mesturadas as armas de Nóvoa coas de Sotelo; ambas as tres son excelentes pezas do século XVI. Nesta praza, escavada en penedo, situábase a taberna que se substataba para a explotación, e o alpendre onde se reunía o Concello, ambos do común. Desde antigo, a Irmandade do Santísimo erguía alí o altar pola festa de Corpus, tradición que aínda manteñen os veciños. No medio da praza un fermoso cruceiro con catro medallóns cos símbolos dos catro evangelistas. Conta a lenda que este non foi o seu emprazamento orixinal, senón que veu a substituír o lugar que ocupaba o "rollo" onde se axustizaba aos malféitores; seica debaixo da súa base os veciños agocharon a mensaxe: "por vontade de todos e en contra de tres, o cruceiro na praza, e o rolo onde o vés". Tamén a praza esconde pequenos recunchos con encanto.

**14 Rúa Maior.** Por ela discurría o Vello Camiño Real ata a construción da estrada Villacastín Vigo. Ábrese a ela dous cantóns: o da Cadea, chamado así por estar nel emprazado o vello cárcere e no que quedan tamén un antigo forno aínda en funcionamento; e o do Forno.


Seixalvo foi dende a Idade media un lugar humilde de labregos e xornaleiros que traballaron as terras do Cabido Catedralicio e Bispo de Ourense, Señor do lugar que percibía a cambio os foros. A importancia do viño, produto predominante nestes pagos, marcou durante séculos a súa historia. O lugar, situado na Vía da Prata e no outrora Camiño Real a Castela, foi "Vila e Couto" até ser incluído no Concello de Ourense; os seus habitantes teñen a gala conseguir a exención dos foros en 1859, despois de vinte anos de preitos contra a Catedral. Agás algúns pequenos estragos causados polo continuo devagar das xentes, o núcleo conserva en xeral o aspecto que tivo dende a Idade Media, cheo de recantos e rúas estreitas esperando a ser descubertas.

**OURENTUR**   
 TURISMO DE OURENSE S.A.

**ourense**

2. Vista panorámica dende o Chao da Moa

roteiros  
**SEIXALVO**



# ROTEIRO URBÁN

## FESTAS e GASTRONOMÍA

**Santa Ádega**  
fin de semana seguinte ao 5 de febreiro  
**Entroido**  
variable  
**Corpus** (só relixiosa):  
variable  
**San Xoán**  
fin de semana seguinte ao 25 de xuño  
**Festa dos Foros**  
sábado seguinte á celebración de San Xoán  
**San Breixo** (Semana Cultural):  
variable

O viño foi o principal cultivo ao que dedicaron o seu traballo xeracións e xeracións de seixalveses, e da súa presenza está o lugar cheo de pegadas. Xa no século XX cobraron fama os "polos" (pementos) de Seixalvo.

